

ADEUS, XENARO



tan organizados como deberamos, chegabamos sempre tarde, mal e arrastro a facer fotocopias e Xenaro, en vez de botarnos a bronca por non deixalas de véspera, sempre respondía un “espera, que isto vai rápido” ou un “aí tes, neniña”. A algúns chamábanos polo diminutivo e iso coroábanos, dábanos a sensación de estar na casa, en vez de no traballo. Non se lle vía poñer mala cara a ninguén. Moitos tampouco o vimos nunca de mal humor, se cadra só un pouco canso... e raras veces.

Cando por algunha circunstancia a algúns tocounos traballar máis ou pasar máis horas no centro, entón puidemos apreciar mellor todo o que facían os conserxes e, en concreto, Xenaro. O traballo de conserxe ás veces é desagradecido. Dende fora pode parecer que na conserxería non hai moito traballo, porque é un traballo que non se ve, que non se recolle en apuntes nin en memorias ou actas; pero cando faltan os conserxes móntase un caos tremendo e dámonos conta de que son imprescindibles.

De todos xeitos, Xenaro non marchou de todo. Témolos cerca e cando hai que botar unha man aí está el. No Corremelide o seu coche foi o último en saír da praza cargado cos trastos do instituto, despois de que recollésemos todo.

Grazas, Xenaro, polo traballo de todos estes anos. Disfruta do teu tempo libre, e da túa nova vida, aínda que te botemos de menos.

Neste curso, pouco antes das vacacións de semana santa, Xenaro, o noso conserxe de toda a vida, xubilouse e deixou de traballar no instituto. A última semana de traballo andaba calado, evitando falar do tema, facendo o seu traballo de todos os días coma se nada. Por se acaso non nos decatábamos e pensabamos que collía unhas merecidas vacacións -porque coma está feito un chaval ninguén lle botaba a súa idade- alguén tivo a boa idea de recordárnolo cunha montaxe en powerpoint na pantalla da entrada.

Para quen leve pouco tempo no instituto, esta xubilación supón a marcha dunha persoa máis; pero para os que levamos varios anos, a despedida de Xenaro déixanos un baleiro moi grande. Era a primeira persoa que topabamos moitos de nós cando chegabamos ao centro, unha cara amable que

nos indicaba onde tiñamos que ir e con quen debíamos falar. Co tempo fomos acostumándonos a el e xa case nos parecía normal a cantidade de cousas que facía. Xenaro facía de todo, dende fotocopias, arranxar manillas de portas ou ventás que parecían non ter arranxo, coidar do xardín... ata inventar un maquinillo que subía as persianas a toda pastilla. Ata se te pinchaba unha roda do coche, alí estaba Xenaro para botar unha man.

Xenaro foi conserxe do instituto dende que se creou, hai uns trinta anos. Os que estivemos no instituto vello e sufrimos todas as súas deficiencias (e tamén o seu encanto) sabemos que o edificio non caía grazas a el. El coidou alí un xardín que agora é un dos mellores de Melide e disfruta todo o pobo. Non se sabe que tería sido de nós se na mudanza ao instituto novo non estivese el.

Moitos, que non somos